

## RELACIÓN DE ADEGAS PARTICIPANTES:

- |                    |                      |
|--------------------|----------------------|
| 1 ALMA DAS DONAS   | 8 RECTORAL DE AMANDI |
| 2 ALGUEIRA         | 9 CASA DE OUTEIRO    |
| 3 ATRIUM VITIS     | 10 VAL DE QUIROGA    |
| 4 EDV VITICULTORES | 11 ADEGA GULLUFRE    |
| 5 ALVAREDOS-HOBBS  | 12 PAZO DE LA CUESTA |
| 6 LAR DE RICOBAO   | 13 ADAMARE WINES     |
| 7 PONTE DA BOGA    |                      |

## ADEGA INVITADA NA PRESENTE EDICIÓN:

ADEGA ALAN DE VAL da D.O. VALDEORRAS



CONCELLO DE  
QUIROGA



XUNTA  
DE GALICIA



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

PLAN  
DEPUTACIÓN 2024  
DE LUGO  
DE COOPERACIÓN CON OMBRESILLAS



DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA

Cultura



FEIRA do VIÑO  
de QUIROGA



unesco



ourel



Consortio  
de Turismo



## Saúda do alcalde

Benvidos a Quiroga!

Con orgullo celebramos un ano máis a Feira do Viño de Quiroga, o noso evento máis emblemático.

A Feira do Viño xa transcendeu a unha simple festa, é o espello no que se reflexa o modo de sentir, pensar e vivir de quiroguesas e quirogueses. A mellor promoción do patrimonio cultural, artístico e natural que atesoura o noso territorio.

O éxito que ano a ano revalida este certame radica no traballo e na constancia de viticultores e viticultoras, adegueiros e adegueiras; que tendo presente a sabedoría que outorga a tradición aplican as derradeiras innovacións no eido da enoloxía para o desenvolvemento de novos proxectos. Xente, que con ilusión, aposta polo grande potencial do noso produto refrescando o espírito da feira. A todos eles, aproveito para mostrarlles aquí a miña gratitude.

Aos visitantes, teño o pracer de recibirvos na miña terra, Quiroga. Convidarvos a participar e gozar con todos os sentidos, xunto cos meus veciños, desta experiencia que seguramente vos cautivará.

Unha aperta!.

José Luis Rivera Castro  
Alcalde

### Comisión Organizadora:

D. José Luís Rivera Castro

Vicente Parra Vizcaíno

Xosé Manuel Fernández Montes

María Teresa Pérez Grao

Luis Manuel Arias González

Antonio Marcos Prieto

## PROGRAMA DE ACTOS XLII FEIRA DO VIÑO DE QUIROGA

### DO 18 AO 26 MARZO:

XII Concurso “Val de Quiroga de Tapas”.

### VENRES, 22 de marzo

Ás 18:00 h Inauguración da exposición de pintura “Contrastes” de Mercedes Mondelo. Sala de Exposicións Municipal *Manuel María*.

### SÁBADO, 23 DE MARZO

Ás 12:00 h No Concello, nomeamento do “Gran Mestre” da Confraría do Viño de Quiroga.

Ás 12:30 h Desfile dos membros da Confraría pola Rúa Real e actuación do Grupo de Gaitas “O Recanto”.

Ás 13:00 h Asemblea anual da Confraría do Viño de Quiroga no Museo Etnográfico.  
Ás 19:00 h Actuación de Xisco Feijoo na Casa da Cultura.

### VENRES, DÍA 29:

Ás 18:00 h Cata de viños da Ribeira Sacra, na Praza Rúa Lago (previa inscrición).

Ás 22:00 h Actuación musical a cargo de *Mario Colomán & The Clocks Band* na Praza Rúa Lago.

### SÁBADO, DÍA 30 :

Concurso de camisetas “Feira do Viño 2024”

Ás 11:30 h XV Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas “MEMORIAL MUÍÑO”.

- Desfile de Bandas pola Rúa Real
- Actuación das Bandas Na Praza de España

Colabora Dirección Xeral de Cultura, Xunta de Galicia.

Ás 11:45 h Inauguración do recinto feiral polos membros do Grupo de Goberno.

Ás 19:00 Concerto a cargo do grupo “Cantos da Terra”.

Ás 20:00 h Recepción de autoridades no Concello.

Ás 20:30 h Pregón a cargo de **Afra Blanco**, colaboradora dos programas “*Espejo público*” (Antena 3) , “*Al rojo vivo*” e “*La Sexta Xplica*” (La Sexta).

Presentará o acto a xornalista **Manola Porto de Onda Cero Monforte**.

Ás 21:00 h Entrega de premios do Concurso de Camisetas “Feira do Viño 2024” no palco.

Ás 21:00 h Festa coa Disco Móbil “LB”.

### DOMINGO, DÍA 31 :

A partir das 11:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do Grupo de Gaitas “O Recanto”.

Ás 12:30 h Recepción das autoridades no Concello.

Ás 12:45 h Entrega trofeos aos adegueiros no Concello.

Ás 13:00 h Actuación grupo de música tradicional “Érbedo” no recinto da feira. Colabora Vicepresidencia, Área de Cultura Deputación Provincial. Programa “Tradigalu”.

Ás 18:00 h Representación «De Pura Cepa», escenificación teatralizada de homenaxe aos viticultores, con **Queimán e Pousa**.

Ás 18:30 h Actuación da Charanga “FUEGO” no recinto da feira.